

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1 DE XULLO DE 2008.

Asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
Vocais:
D. José Manuel González Alvarez
D^a Ana Maria Abad López
D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro
Secretario:
D. Luis M^a Fernández del Olmo.
Interventora:
D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 10 horas do día 1 de xullo de 2008, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.
Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior do 9 de xuño de 2008.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. JOSE ANTONIO FERNÁNDEZ MEITÍN RELATIVO A REMATE DOS LATERAIS DE CUBERTA DE VIVENDA SITA EN VILACHA – PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. José Antonio Fernández Meitin con D.N.I nº: 76536484M con domicilio en Vilachá, 42 (27877 Portocelo), para realización de obras de remate dos laterais dunha cuberta coa colocación de pizarra con ganchos de aceiro inoxidable en Vilachá – Portocelo. Expte nº: 1968/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a cuberta que se pretende realizar, de acordo coa documentación presentada, suscrita polo interesado, sitúase dentro da zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103 Capítulo III Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Vilachá – Portocelo (Xove). Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art. 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS como no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a cuberta que se pretende arranxar, situase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo Rural Tradicional, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A edificación que se pretende cubrir, de acordo coa solicitude que se achega, adáptase a tipoloxía do ámbito.

- As obras que se pretenden, pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, diferentes dos da cuberta, nin suporán aumento de volume.
 - Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
 - A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
 - Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto na execución das obras como da vía.
 - Previo o inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.
 - De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 2.500,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 50,00€
- 4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. MANUEL LÓPEZ PERNAS RELATIVO A SUBSTITUCIÓN VENTANAL EN ANCIL, 3 (LAGO).

Vista solicitude formulada por D. Manuel López Pernas con D.N.I nº: 33748795K con domicilio en Ancil, 3 (27878 Lago), para realización de obras de substitución de ventanal en Ancil, 3 – Lago. Expte nº: 2030/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala a fiestra que se pretende substituir, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo interesado, sitúase dentro do zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103. -Capítulo III. - Normas Subsidiarias do Concello de Xove.Vilachá.-Portocelo.-Xove.

Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se sitúa a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado: ***Cambio dunha fiestra.***

A edificación cuxa fiestra se pretende cambiar, de acordo co solicitude que se achega, adáptase á tipoloxía do ámbito.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, diferentes dos de substitución de fiestra, nin supoñerán aumento de volume.
- Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 200,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 4,00€

4º) Fíxase un prazo para inicio das obras de 1 ano e 3 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE INSUIÑA S.L PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE NAVE ALMACÉN PARA GRANXA MARIÑA NA PRAIA DE LAGO.

Vista solicitude formulada por Insuiña S.L., con NIF nº: B-36021954, con domicilio en Praia de Lago, S/N (Lago) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para almacén para granxa mariña na Praia de Lago. Expte: 2172/08.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“Obras prevista no proxecto: Edificio para almacén de granxa mariña.

Obra executada: Edificación para granxa mariña.

- Para ditas instalacións outorgouse licenza de obra en Comisión de Goberno de xullo de 1.988.
- A Consellería de Pesca e asuntos marítimos concedeu Licenza de Actividade na data 21 de setembro de 1.987 e renovada el 15 de xaneiro de 1.999, prorrogada de novo o 08 de xaneiro de 2.008 tanto para engorde como para Hatchery.
- Pola parte do concello, autorizouse a Licenza Municipal definitiva por Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas coa data 25 de agosto de 1.992, para o que se solicitou nova licenza de acondicionamento y modernización de Hatchery.
- Aportouse a documentación emitida pola Consellería de Política Territorial, Obras Publicas e Transportes, de data 18 de xaneiro do 2.008, Servizo de Protección del litoral, no que se informou favorablemente estas obras.
- En data 25 de febreiro de 2.008, otorgouse licenza de obra relativo a ao proxecto de execución modificado de almacén para granxa mariña na praia de Lago.
- O volume e condicións da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.
- A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.
- Ordenanza de aplicación: Solo non Urbanizable de Protección de Costas. Artigo 111. das Normas Subsidiarias e Complementarias do Plan do Concello de Xove, aprobadas definitivamente o 15 de marzo de 1994. Solo Rústico de Protección de Costas, de acordo co artigo 32.e da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Achégase a documentación pertinente: Fotocopia da licenza de obra. Certificado final de obra subscrita polo seu técnico director. Planos de estado definitivo das obras coa súa adecuación a normativa. Fotografías do inmovible.
- Nave totalmente executadas rematadas interiormente, e exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación”.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de nave almacén para granxa mariña na sita na Praia de Lago (Lago), que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 64,04 Euros.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.4) SOLICITUDE DE HELMANCASA S.L. PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO DE 60 VIVENDAS TRASTEROS E GARAXES EN

EDIFICIO PLURIFAMILIAR COMPOSTO DE 2 SOTANOS PLANTA BAIXA E CINCO ALTURAS. EN PALMEIRO. EXPEDIENTE 1476/08

Vista solicitude formulada por Helmancasa S.L. con D.N.I. nº B-284469345 con domicilio en Camiño Huertas de la Vega, 36-40 baixo, (37008 Salamanca) na que pide a expedición de certificación de Licenza de Primeira Ocupación, para edificio de 60 vivendas trasteros e garaxes en edificio plurifamiliar composto de 2 sotanos planta baixa e cinco alturas. Expte nº: 1476/08, sito en Urbanización Palmeiro. Mazá k. -Xove

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal Licenza de 1ª Ocupación se solicita o seguinte:

“Obra prevista en proxecto básico: Edificio para 55 vivendas, garaxes e trasteros.

Obra prevista en proxecto de execución: Edificio para 60 vivendas, garaxes e trasteros, sen variación de volume e superficies.

Obra executada: 60 Vivendas con garaxes e trasteros totalmente executadas e en condicións de habitabilidade.

Informe:

- O titular inicial das obras era a empresa ZIGSAY S.L a quen se lle outorgou a licenza para a execución das obras correspondentes a 55 vivendas, sen esgotar a edificabilidade prevista para a mazá K, de 60 vivendas.
- En data 23 de xaneiro de 2006, outorgouse por parte do Concello o cambio de titularidade da licenza outorgada a ZIGSAY S.L, a favor de HELMANCASA S.L, representada por D. José Silgueiro Martínez.
- En data 24 de Maio do 2.006, presentouse no Concello o correspondente Proxecto de Execución, con rexistro de entrada nº 1.553, coa variación da configuración interior do inmovible para 60 vivendas, en vez das 55 vivendas iniciais, sen variación das condicións urbanísticas especificadas no proxecto Básico, tanto no que ao volume da obra refírese como ás alturas aprobadas, esgotando a edificabilidade total da parcela K, no que ao nº de vivendas refírese e diminuíndo mesmo o presuposto inicialmente previsto no Proxecto Básico, que inicialmente era de 2.442.575, pasando a ser o presuposto final do Proxecto de Execución, de 2.200.000, o que supón unha diferenza a regularizar na liquidación impositiva desta Licenza de 1ª Ocupación, a favor do promotor, de 4.851,50euros.
- Na primeira visita efectuada á edificación e urbanización da parcela, o 12 de maio do ano en curso, e de acordo co Artigo 195.6 da Lei 9/2002 realizáronse unha serie de consideracións a emendar tanto en vivenda como nas prazas de aparcamento, así como no ámbito da edificación dentro da parcela K en que se sitúa o inmovible.

Consideracións efectuadas na 1ª visita:

1.- Incorrecta separación do barreado vertical dos tendedeiros que deberá reducirse a 12 cms.

2.- Subsanación do ancho do acceso aos portais de vivendas, en planta baixa, que deberá ser de 1,20 metros.

3.- Deberíase executar un peche perimetral en planta baixa, ata unha altura media de 1,00m na zona de aparcamentos, para a súa diferenciación coa liña de proxección exterior do inmovible, podendo permitirse mediante licenza de obra posterior, o peche desta zona de planta baixa para aparcamentos en toda a súa altura, respectándose as iluminacións e ventilacións correspondentes para ao zona das prazas de aparcamento.

4.- Arranxo e limpeza das zonas perimetrales do edificio dentro desta parcela K, tanto no que á zona de axardinamento como á de aparcamento se refire, quedando as tapas das

diferentes arquetas de infraestruturas claramente definidas dentro do asfaltado así como a canaleta de evacuación de pluviais entre o vial e a área de aparcamento.

- Na visita realizada o día 25 de xuño do ano en curso púidose constatar a subsanación de todas estas circunstancias, con independencia do compromiso presentado pola Promotora de cargar cos custos de asfaltado na zona de aparcamento da fachada da planta baixa-soto, xunto aos portais nº62, nº64 e nº66, como complemento das obras que pretende realizar nesta zona da urbanización en datas próximas, o Concello.
- A execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.
- O volume e condicións da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.
- A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.
- Ordenanza de aplicación. Solo urbano da Urbanización Palmeiro. Artigo 98

Ordenanza 7ª Solo Urbano Residencial.

Parámetros urbanísticos aplicables:

Superficie máxima ocupada en planta na maza.....3.200m/2

Altura do edificio.....B+5

Altura de cornisa.....16,00m. ou 18 m con baixo diáfano ou con uso diferente de vivenda.

Espazo libre de manzana.....275m/2

Número máximo de vivendas.....60

- A obra executada, adáptase a Normativa.
- Achégase a documentación pertinente: Acta de reformulo, Certificado final de obra subscrita polos seus técnicos directores, Solicitud de alta no Catastro, Planos de estado definitivo das obras coa súa adecuación a Normativa, asinada polos técnicos directores da obra, certificado final das infraestruturas interiores de Telecomunicacións e Fotografías do inmovible.
- 60 Vivendas totalmente executadas, rematadas interiormente, e revestidas exteriormente, podéndose outorgar a correspondente LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Urbanización Palmeiro, Mazá K; que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

▪ 3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 6.148,50 Euros.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE XUÑO DE 2008

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ó mes de xuño de 2008 por importe de 198,19€

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE D. JESUS SANTOS ÁLVAREZ DE BAIXA NO PADRÓN DE VEHÍCULOS EXENTOS POR MINUSVALÍA.

Vista a solicitude formulada por D. Jesús Santos Alvarez, con D.N.I: 32571822G, con domicilio en Alto de Lago, 29 (27878 Lago), no que solicita a baixa no Padrón de minusvalías do seu vehículo Mercedes matrícula LU-3154-S, motivado pola adquisición doutro vehículo. Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) Aprobar a baixa do vehículo Mercedes matrícula LU-3154-S de D. Jesús Santos Alvarez como exento no Imposto Municipal de Vehículos.
- 2º) A notificación o interesado, para os efectos procedentes.
- 3º) A remisión do presente acordo ó Servizo Provincial de Recaudación, sito en C/Tui, 5 27004 (Lugo).

D.2) PETICIÓN DE DEVOLUCIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D. GINES PEÑA LESTEGAS, DERIVADO DE EXENCIÓN POR MINUSVALÍA

Vista solicitude de devolución de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 correspondente ó vehículo Mercedes con matricula 0130GDN, formulada por D. Gines Peña Lestegas, con D.N.I. nº 33995746K , con domicilio en Urb. Palmeiro, 51 – 4ºB (27879 Rigueira) según acredita na documentación adxunta no expediente de baixa por minusvalía aprobada na Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) A devolución do 3º e 4º trimestre do importe abonado da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008.
- 2º) O libramento da cantidade de 33,60 € ó solicitante polos conceptos anteditos.

D.3) SOLICITUDE DE D. MODESTO PERNAS VIDAL DE VADO PERMANENTE EN CAMIÑO REAL, 28 (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Modesto Pernas Vidal con D.N.I. nº: 33817916G con domicilio en C/ Camiño Real, 28 (27870 Xove), para vado permanente para unha entrada para unha finca da súa propiedade sita na Camiño Real, 28 - Xove, e da cal se adxunta croquis, con unha anchura de 3 metros de ancho.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que se transcribe de seguido:

- Informase favorablemente a concesión do vao que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.
- O rebaixe e pintado de beirarrúa efectuarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vado.
- Si as obras son feitas polos servizos de obras municipais o custo dos traballos analízase do modo seguinte para un vao de 3,00 metros, de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.

▪ MAN DE OBRA:

8 horas de oficial de 1ª a 13 euros/hora.

8 horas de peón a 9,00 euros /hora

▪ MATERIAIS:

Cemento.....25 euros

Arena.....14 euros.

GASTOS TOTAIS:

<input type="checkbox"/>	Man de obra	182,00 €
<input type="checkbox"/>	Materiais	40,00 €
<input type="checkbox"/>	Total gasto	222,00 €
<input type="checkbox"/>	16% I.V.A	35,52€
<input type="checkbox"/>	Valoración Municipal.....	257,52€

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.4) SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE Dª ENCARNACIÓN ÁLVAREZ GONZÁLEZ.

Vista solicitude formulada por Dª Encarnación Alvarez González, con domicilio en Lavandeiras, 2 (27870 Xove) na que solicita a redución de 1 hora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 4 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Reducir o número de horas da solicitante para que pasen a ser 4 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.5) SOLICITUDE DE D. JOSE LOUZAO QUELLE, DE VADO PERMANENTE EN AVDA. DIPUTACION 35, XOVE.

Vista solicitude formulada por D. José Louzao Quelle con D.N.I. nº: 33.797.552-H con domicilio en Carballás, 7 (Xove) que solicita un vado permanente para unha entrada de vehículos en Avda. Diputación, 35 (Xove) con unha anchura de 3 metros.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala

- Informase favorablemente a concesión do vao que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.
- O rebaixe e pintado de beirarrúa efectuarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vado.
- Si as obras son feitas polos servizos de obras municipais o custo dos traballos analízase do modo seguinte para un vao de 3,00 metros, de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.

▪ MAN DE OBRA:

8 horas de oficial de 1ª a 13 euros/hora.

8 horas de peón a 9,00 euros /hora

▪ MATERIAIS:

Cemento.....25 euros

Arena.....14 euros.

GASTOS TOTAIS:

<input type="checkbox"/>	Man de obra	182,00 €
<input type="checkbox"/>	Materiais	40,00 €
<input type="checkbox"/>	Total gasto	222,00 €
<input type="checkbox"/>	16% I.V.A	35,52€
<input type="checkbox"/>	Valoración Municipal	257,52€

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.6) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE MONTE DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Pérez Pedre con D.N.I. nº 33.857.175-W, con domicilio en Penasagudas, 1 (27879 Monte) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (dende o 23/10/2007 o 22/4/2008), iniciada a partir del 21/10/2002, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 28 de decembro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.005,00€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.502,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederese no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.7) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO FORMULADA POR Dª IRENE FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.

Vista solicitude formulada por Dª Irene Fernández Fernández, con D.N.I. nº: 33.704.917-G con domicilio en Tuimil, 11 (27877 Xuances).

Visto informe da Traballadora Social, no que estima procedente a ampliación do servizo a 5 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 5 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.8) PETICIÓN DE RATEO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D^a MARÍA SITA QUELLE QUELLE, DERIVADO DE BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO.

Vista solicitude de rateo de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 , formulada por D^a María Sita Quella Quella, con D.N.I. nº 33.858.198-J con domicilio en Pradovello, 1 (27879 Rigueira) por baixa con data de 20-6-2008 do vehículo Renault 5 GTL con matrícula LU-4054-J, según acredita con documentación da Xefatura de Tráfico.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O rateo da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 correspondente ós 2 últimos trimestres do ano 2008, estimando procedente a devolución destes trimestres ó interesado.

2º) O libramento da cantidade de 14,04€á solicitante polos conceptos anteditos.

D.9) ESCRITO DE D. JOSE GALDO FERNÁNDEZ SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. José Galdo Fernández, con domicilio en Rua Grande, 95 B (27850 Celeiro- Viveiro) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 866530.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede a baixa solicitada debido ó abandono da finca, procedéndose ó precitado da subministración mediante o precitado da toma. A baixa no Padrón de aboados será a partires do bimestre seguinte á a aquel no que presentou a baixa (xullo - agosto 2008).

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.10) ESCRITO DE D. FRANCISCO CANOSA MARCOTE, SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Francisco Canosa Marcote, con domicilio en Xunqueira, 29 3º F (27850 Viveiro) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 2725000.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal no que sinala que procede a baixa solicitada debido ó cese de actividade na Nave Almacén, procedéndose ó precitado da subministración mediante o precitado da toma. A baixa no Padrón de aboados será a partires do bimestre seguinte á a aquel no que presentou a baixa (Xullo - Agosto 2008).

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.11) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE LOCAIS COMERCIAIS EN PALMEIRO-RIGUEIRA, DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS PARA LOCAIS COMERCIAIS EN PALMEIRO.

Vista solicitude presentada por D. Jesús Míguez Pérez, con D.N.I. nº: 76.564.035-W con domicilio en Comunidade de Propietarios da Urbanización Palmeiro-Rigueira-Xove, para entroncamento á rede de sumidoiros, para locais comerciais, sita en Palmeiro-Rigueira -Xove, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala o seguinte:

- O tubo de saneamento será de color tella ou similar, e de diámetro suficiente.
- Quedaran suficientes pozos de rexistro para a súa limpeza.
- O colector conectarase nun pozo, xa existente na Urbanización Palmeiro.

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento de alcantarillado solicitado.

2º) A notificación á Comunidade de Propietarios, os efectos procedentes.

D.12) SOLICITUDE DE D. JOSE MODESTO RODRÍGUEZ CAMPO DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PROVISIONAL PARA OBRA EN ASPERA, S/N (LAGO).

Vista solicitude presentada por D. José Modesto Rodríguez Campo, con D.N.I. nº: 77596664T, con domicilio en Barxa, 11 (27878 Lago), para entroncamento de auga para obra de construción de vivenda familiar sita en Aspera, S/n - Lago; por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 3 metros de tubo de 25 Atm U.A. e a colocación de contador

Valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 232,87€ co seguinte desglose:

▪ 1 Arqueta con tapa de 40X40	34,86€
▪ 1 Collarín de 40 jinten	€
▪ 1 Chave de ¾ bola.....	31,00€
▪ 1 Chave de paso de 1 bola	9,00€
▪ 4 Mano de obra de 1 oficial e 2 peóns	0,73€
▪ 3 metros canalización en todo tipo de terreo	9,00€
▪ 1 Redución 1" – ¾ latón	2,23€
▪ 1 Redución ¾ a ½ de latón.....	0,73€
▪ 2 Terminais de 25 – ¾ jinten	2,90€
▪ 3 Tubo de 25 en 10 Atm. U.A.....	5,12€
Subtotal:.....	200,75€
IVA 16%:.....	32,12€
TOTAL	232,87€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. José Modesto Rodríguez Campo para obras de construción dunha vivenda unifamiliar sita no Lugar de Aspera, S/n - Lago.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas

entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.13) SOLICITUDE DE ANDOR CONSTRUCCIONES Y DESARROLLOS URBANISTICOS, S.L, DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS EN URBANIZACIÓN PALMEIRO MAZA D (PALMEIRO – RIGUEIRA).

Vista solicitude presentada por Andor Construcciones y Desarrollos Urbanísticos, S.L, con CIF nº: B27298264 con domicilio en Rúa dos Carros, 14 Polígono Industrial do Ceao – Lugo, para entroncamento á rede de sumidoiros en Urbanización Palmeiro Maza D, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala o seguinte:

- O tubo de saneamento será de color tella ou similar, e de diámetro suficiente.
- Quedaran suficientes pozos de rexistro para a súa limpeza.
- O colector conectarase nun pozo, xa existente na Urbanización Palmeiro.

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento de alcantarillado solicitado.

2º) A notificación á Comunidade de Propietarios, os efectos procedentes

D.14) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO EN VIVENDAS SOCIAIS SITAS EN OS CHOZOS.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas sociais sitas en Os Chozos nº 2 e nº4, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Xullo/Agosto-2008; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido:

NOME	ENDEREZO
Comunidade de Propietarios Os Chozos 2	Os Chozos, 2 (27870 Xove)
María Teresa Riveira Fernández	Os Chozos, 2 – 1ºE (27870 Xove)
Georgina Rodríguez Míguez	Os Chozos, 2 – 1ºF (27870 Xove)
María Adelaida de Ribeira Carvalho	Os Chozos, 2 – 1ºG (27870 Xove)
Jose Manuel Domínguez Barro	Os Chozos, 2 – 1º H (27870 Xove)
María Augusta Dacosta Ramada	Os Chozos, 2 – 2ºE (27870 Xove)
Jesús Salvador Rego Pena	Os Chozos, 2 – 2ºF (27870 Xove)
Ana María Loureiro Díaz	Os Chozos, 2 – 2º G (27870 Xove)
Daniel Canoura Lopez	Os Chozos, 2 – 2º H (27870 Xove)
Antonio Jose Cardoso Portela	Os Chozos, 4 – 1ºA (27870 Xove)
Ana María Pena Ben	Os Chozos, 4 – 1ºB (27870 Xove)
Jaime Balseiro Canoura	Os Chozos, 4 – 1ºC (27870 Xove)
Jose Luis Eijo Cociña	Os Chozos, 4 – 2ºA (27870 Xove)
Rosa Rodríguez Domínguez	Os Chozos, 4 – 2ºB (27870 Xove)
Begoña Fraile Mateo	Os Chozos, 4 – 2ºC (27870 Xove)
Comunidade de Propietarios Os Chozos 4	Os Chozos, 4 (27870 Xove)

D.15) SOLICITUDE DE D. REMIXIO PAZOS MARTÍNEZ EN REPRESENTACIÓN DE OBRABIO S.L. DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PROVISIONAL PARA OBRA NA RÚA DR. BAAMONDE ILLADE, 6 (XOVE).

Vista solicitude presentada por D. Remigio Pazos Martinez, con D.N.I. nº: 34.962.454-Q en representación de Obrabío S.L. con domicilio en As Laxes, 24 (Sargadelos), para entroncamento de auga para obra de reconstrución de vivenda familiar sita en Rúa Dr. Baamonde Illade, 6 –Xove; por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 3 metros de tubo de 25 Atm U.A. e a colocación de contador

Valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 72,86€co seguinte desglose:

▪ 1 Enlace de 25 latón	6,85€
▪ 1 Chave de ¾ bola	6,13€
▪ 1 Mano de obra de 1 oficial e 2 peóns	31,00€
▪ 3 Metros canalización en todo tipo de terreo	9,00€
▪ 1 Reducción ¾ a ½ latón.....	0,73€
▪ 1 Terminal de 25 – ¾ latón.....	3,98€
▪ 3 Tubo de 25 en 10 Atm. U.A.....	5,12€
Subtotal:.....	62,81€
IVA 16%:.....	10,05€
TOTAL	72,86€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por Obrabio S.L. para obras de reconstrución de vivenda en c/ Dr. Baamonde Illade, 6 (Xove).

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde - Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fe.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.:Luis Mª Fernández del Olmo